

Tensión narrativa

O xurado do III Premio de Literatura Infantil e Xuvenil “Pura e Dora Vázquez” na modalidade de Narración decidiu otorgar o galardón ao texto *Por que Baldomero Quintáns?* de Rafael Laso Lorenzo, o de Ilustración a María Puertas Feijoo-Montenegro e de forma conxunta a Deputación Provincial de Ourense publica no 2006 a novela que gozou cos parabéns de quen se dirixiu a eles coa intención de amosar novos talentos, novas ideas.

En *Por que Baldomero Quintáns?*, Rafael Laso Lorenzo narra as voltas e reviravoltas de dous personaxes que pretenden resolver un enigmático escrito, enviado a Baldomero Quintáns, de profesión “Axente averiguador” e que os obrigará a desprazarse por diferentes lugares da xeografía galega, no que constitúe una auténtica trama detectivesca e que consegue manter ata o final a atención do lector.

Á primeira nota séguenlle outras, non menos misteriosas, que porán a proba o talento investigador do seu destinatario e o sentido da amizade do dono do bar ao que dirixe todas as mañás e do cal coñece a súa afección ao xadrez.

Co axente Baldomero



MARÍA NAVARRO



Os coñecementos de historia, de mitoloxía, de xeografía, de xadrez, de xeroglíficos sonlles útiles os protagonistas nas súas pesquisas e en certa medida chegan a desempeñar una dobre función, porque ademais de constituírense en elementos clave da narración, serven para establecer un interesante xogo co lector que se sentirá practicamente dende o comezo atraído polos enigmas, que máis adiante descifran, polos feitos que se narran e polas minuciosas descrições que ambientan os movementos polas cidades máis significativas de Galicia, adentrándose ao mesmo tempo na súa historia real unas veces, ficticia outras, e que en calquera caso levan á resolución do asunto central e que ten que ver co pasado, e quizais presente, de B. Q., iniciais de Baldomero Quintáns.

O contido aparece ben artellado, a intriga consegue manter a tensión narrativa, mais a edición do libro adoece do rigor lingüístico necesario para un tipo de texto destas características. Unha revisión neste sentido non lle viría nada mal!

LASO LORENZO, Rafael (ilustr. María Puertas/Feijoo-Montenegro), Ed. Deputación de Ourense, 2006, 115 páxinas.